

Pontevedra 23, abril, 1935

Sr. Don Manuel Gómez Román  
Segretario Xeral do Partido Galeguista

Meu querido amigo e irmán:

A miña baixa no Partido Galeguista, en cuia creación e desenvolvemento tanto teño traballado non podía producirse nin dun xeito espectacular na Xuntanza de nontronte, nin dun xeito sorrateiro, encomendando ao cobrador que deixase de me pasar o recibo. Teño conciencia dabondo dos meus deberes políticos e dos vencellos de irmandade que nos axuntarán sempre, inda que a política nos arrede, pra entregar á pasión un feito doctoso mais necesario, como este, un feito que non poden deter nin as ovacións unánimes que se tributaron en Compostela a Ramón Otero, porque co mesmo entusiasmo con que n'í se exaltou a súa galegitude se ratificaron, antre os derradeiros acordos da Xuntanza, posicións contrarias ao senso espritoal da figura mesma de Otero, decisións que definen de cheo ao Partido non xa antre a esquerda da política galega, senón na esquerda da política hespañola.

I-eu, ao sairen do Partido dígovos que recoñezo como lóxica a treitoira que levou ao Partido a se definir na esquerda, pero pídivos tamén que recoñezades como lóxica a posición miña ao non seguir ao Partido no seu roteiro actual.

Porque o Partido tivo no ano 1934 dous camiños diante si: o de se manter neutral nas loitas da política hespañola, insistindo na creación de unha nova política galega, fora das crasificacións ao uso en Madrid, en cude caso contaría sempre con todos nós, ou o de se inclinar a un dos dous bandos na loita civil entabrada na Hespaña. E ao facer isto recoñecendo a imposibilidade de sustraer a política galega dos rumbos que

de fora se lle asinalen, ten de recoñecer tamén que pra que se non pola-  
defensa da/  
rice a/galeguidade é mester que xurda no extremo oposto ao que él elixa  
pra se situaren, un novo Partido, galeguista tamén,

O P.G. escolleu este segundo camiño e se situou na esquerda da política hespañola. Non pode estranar hoxe que non o sigan os que pensen que entregar ás esquerdas ou as dereitas o monopolio da galeguidade é labou-  
rar contra Galicia.

Isto pol-o que respeita á táctica galeguista. Mais queda aínda o meu probrema persoal, o meu caso de conciencia que tamén é deber de irmandade espor neste intre.

Primeiramente. Todos me coñecedes como católico; mais, como católico ro-  
mán. Sabedes que como católico, por gracia da miña propia fé, refusei sempre a táctica política dos que sendo discípulos de Cristo apelan á espada nos hortos das Oliveiras pra combatir ca forza aos que opoñen a forza ao es-  
prito. De Cristo mesmo ven a condeación desta actitude: "omnes enim qui acceperint gladium, gladio perinbunt". Sabedes tamén que , por gracia da nosa propia hestoría teño exaltado sempre a romanidade da nosa lingua, da nosa arte, da nosa eirexa. Galicia ponla da Romania, terra papal tivo o seu es-  
prender baixo a soma de San Dámaso ou de Calixto II. De tal xeito que o mesmo Priscilián foi herexe, mais non cismático. E o noso Xelmirez foise axinonllar a Roma pra pontificar en Compoátela.

En segundo lugar. Son nazonalista galega, como vos o sodes. Sei que sacrificades o voso ideal a unha realización política que creedes boa pra a nosa Patria. Eu soñei un partido que fose a encarnación política autóctona do pobo galego, un partido totalitario, non escindido pol-as diferencias de credos sociaes, non quebrantado pol-os partidismos que de fora nos veñen. De xeito que nós apreixaods por este partido puideramos berrar -- a frase. é miña -- "Galicia somos nós". Eu sosteño que un partido integralista, nacionalitario non pode deixarse dirixir por movementos alleos. En canto o faga o mesmo partido ten de se decatarse de que a solidaridaée

nacional que él debía encarnar está compartida por outros, precisa estar compartida pol-os que non acaten aquela dirección. I-eu vos digo que estamos neste último caso, e que frente a un Partido Galeguista que siga a dirección das esquerdas, ten de xurdir outro que siga o das dereitas, e que agora nin un nin outro estarán xa sometidos ao imperativo de independencia que rixe pra os partidos nacionaes totalitarios.

Dir'edesme: Ula a dirección forateira? I-eu vos amostraía un a un os números de "A Nosa Terra" sin que atopásemos neles a expresión oficial de un pulo creador de algo enxebre, de algo politicamente nacional. Eu síntome con autoridade dabondo pra demandarvos que confrontedes as verbas do Programa de Acción do Partido, obra miña, cas notas derradeiras do Partido, cas derradeiras intervencións dos seus oradores. E comprobaredes <sup>que</sup> agora ~~que~~ moitas frases son soio desteñido calco da ideoloxía do "Heraldo de Madrid". Mais abonda con sinalar un caso concreto:

Por un dos derradeiros acordos da Xuntanza do día 22 o Partido adhirese ao manifesto dos partidos de esquerda de Madrid do 14 de abril. O Partido según a memoria de Segredaría Política ~~xxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxx~~ tiña pactado anteriormente co-istes tres partidos en adhesión á Izquierda Republicana, nunha alianza anterior a aquel 14 de abril. O partido non firmou a par d'els naquel manifesto, nin o aprobou previamente, nin levou a él o seu espírito. O Partido sigueu o dictado dos tres partidos centrales e sumouse nontronte ao seu manifesto, nun acto patente de provincianismo.

E digo mais. Naquel manifesto contense unha afirmación clara de anti-revisionismo constitucional. Si o Partido fose ainda un Partido integralista adheriríase a outros puntos dese manifesto, pero reservaría a defensa da reforma constitucional. Primeiro, porque así non feriría as discrepancias dos seus membros na materia relixiosa. E sobre todo porque un Partido Galego ten de estimar á Constitución da República como mais estatista que a derradeira Constitución monárquica. Pois non

somentes mantén a imposibilidade práctica de unha estruturación autonómica dos pobos hispánicos senón que chega a inxurialos dándolles tratamento cuasi-colonial ao facer distincións legais entre as súas diferencias de capacidade política.

Non quero entrar a discutir as contradicións que na política local entranen os pactos cos que se encargaron de facer a Constitución e cos que "de acordo co-ela" desfixeron o noso posibre Estatuto. Eu quixera preguntarvos con qué autoridade podedes pedir aos afiliados ao Partido que leven o seu sacrificio deica o anti-revisionismo constitucional pra que se manteña a imposibilidade de orgaizarmonos como pobo autónomo, pra que o ensino sexa monopolio do Estado central, pra que poidan dictarse leises relixiosas ,xa non soio desaxeitadas á nosa fé senón contrarias á nosa tolerancia racial, á nosa tradición de pobo civilizado que sempre consagrou a liberdade do espírito. E dígovos que si de sacrificio en aras do nazonalismo se trata prefiro pactar cos revisionistas pra intentar impor cabo deles o meu criterio, que sumarme aos que piden a perduración de unha ley que nin tan siquera ten do pobo o refrendo plebiscitario que ela mesma estrabreceu pra os estatutos autonómicos.

Pois eu estou seguro de que si dun pacto cos revisionistas se trata vos saberíades fiar ben fiado i-esixir algo en compensación do que outorgásedes. E pol-a memoria da Segredaría Política temos a certeza, confirmada xa pol-os demais feitos, de que o Partido subraya unha actitude dos partidos centrás ,sabendo o que dá, mais non o que recibe.

Veleiquí as razóns ideolóxicas e tácticas que impoñen a miña separación do Partido e que ao meu ver, perdida o carácter totalitario do noso agrupamento, determinan n'el a necesidade urxente de unha escisión. Teño a certeza de que tardará poucos días en xurdir un novo Partido que recolla á dereita do galeguismo. Sei tamén que este novo Partido non terá xa aquel anxeio de liberación dos moldes alleos

que guiou os primeiros movementos do Partido que eu agora deixo. Sempre que nos atopemos imos lembrar a pureza nazonalista de aquelas días da nosa primeira loita electoral, da aprobación do noso primeiro programa político, da unidade de aquelas horas de fervor galego. Mais uns e outros seguiremos emproeirados por un mesmo ideal inesquecible, cumprindo un mesmo deber patriótico. Uns e outros temos motivos dabondo pra xustificar as nosas actitudes. Bis unha ves mais é a política hespañola a que quebranta unha unidade espíritoal nos eidos da Galicia. Mais uns e outros debemos prometernos a máxima lealtade, a fraternidade de sempre si na vida do noso pobo nos atopamos frente a frente algún día.

Sempre irmán voso na Terra